

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Os grupos de 4º está formado por 34 alumnos, no 2014 e dous alumnos repetidores (repetiron 2º de Primaria) nados 2013 e un alumno nacido en 2013 que repite cuarto de primaria. O alumnado é heteroxéneo e diverso: dous alumnos con altas capacidades, dez alumnos con reforzo educativo, unha alumna con TEA. Do alumnado con Reforzo Educativo, un é TEL, dous están pendentes de diagnóstico oficial, un por discalculia e dislexia e o outro por TDAH.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As persoas somos seres vivos. Como nos relacionamos e reproducimos?	Incídese en que as persoas somos seres vivos, sinalando como é o noso corpo e como crecemos e cambiamos ao longo da vida e sobre o seu funcionamento corporal e a importancia dos hábitos saudables en alimentación, hixiene, ocio e descanso para favorecer un bo desenvolvemento tanto do corpo como da mente. Achegaranse como usamos os nosos cinco sentidos para explorar o noso contorno e aprender sobre o mundo. Reflexionarán sobre como é o noso mundo e como nos relacionamos con el mediante a vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto. Analízase a importancia da reprodución das persoas, como a de todos os seres vivos, e valóranse as experiencias persoais sobre novos nacementos no seu propio contorno. Relacionaremos estes aspectos cos diferentes oficios relacionados co tema.	33	35	X		
2	A nutrición é importante. Coidas da túa saúde?	A situación de aprendizaxe permítelle ao alumnado centrarse en que para vivir necesitamos alimentos e osíxeno que tomamos do aire. Incídese nos aspectos fundamentais da alimentación e en como se desenvolven a dixestión, a circulación e a excreción. Nesta ocasión, a situación de aprendizaxe trata de investigar sobre o bo estado de saúde dos nosos alumnos e para iso promoverase manter e mellorar hábitos saudables diarios baseados na hixiene, alimentación, exercicio e descanso, así como acudir periodicamente ás revisións médicas recomendadas. Gozar de boa saúde produce que o noso corpo funcione correctamente e que nos sintamos ben tanto física como emocionalmente; por iso, tamén é importante coidar as relacións sociais entre o alumnado, Relacionaranse estes aspectos coas profesión implicadas nos mesmos.	33	35		X	
3	Forzas e máquinas por todas partes. Navegamos por internet	Os seres humanos, desde tempos remotos, usamos as máquinas como medio de apoio na gran maioría das nosas tarefas diarias. Na Prehistoria eran ramas ou pedras que tallándoas funcionaban como ferramentas	34	35			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Forzas e máquinas por todas partes. Navegamos por internet	<p>para a caza, pero co avance do tempo foron sofisticándose e automatizándose de modo que mesmo chegan a facer tarefas por nós converténdose en material imprescindible para a vida diaria.</p> <p>Na actualidade facemos un uso frecuente de Internet para acceder a calquera tipo de información ou medio e interactuar con outras persoas a distancia. Agora propónselles aos alumnos e alumnas unha serie de medidas que promoven o uso axeitado das tecnoloxías da información e comunicación. Como estas supoñen unha ferramenta de traballo.</p> <p>Transmitiranse os valores cívicos e sociais necesarios para que o alumnado mostre respecto polas normas de uso, de seguridade e de mantemento.</p> <p>Relacionaranse estes aspectos coas profesión implicadas nos mesmos.</p>	34	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As persoas somos seres vivos. Como nos relacionamos e reproducimos?	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.	PE	39
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos. DC		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos. DC		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sobre obxectos, feitos o fenómenos do medio natural a través da observación.	TI	61
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar ou seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións.		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías. A		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables. A		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación. DC		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. A		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos

Contidos

- sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna.
- Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor).
- Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias.
- Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais.
- Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.
- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
 - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
 - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
 - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
 - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	A nutrición é importante. Coidas da túa saúde?	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.	PE	36
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sobre obxectos, feitos o fenómenos do medio natural a través da observación.	TI	64
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar ou seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico,		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións .		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. A		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.

Contidos

- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
 - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
 - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
 - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
 - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Forzas e máquinas por todas partes. Navegamos por internet	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.	PE	22
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sobre obxectos, feitos o fenómenos do medio natural a través da observación.	TI	78
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar ou seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico,		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización ou as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.		
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas ou pequenas investigacións con máquinas e aparellos.		
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado ou protección da contorna e uso.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo. DC		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación. DC		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. A		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá.
- Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá.
- Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma.
- Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Temos en conta o DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe): Cando se fala do deseño universal para a aprendizaxe, adóitanse diferenciar tres áreas fundamentais: a representación, a motivación e a acción e expresión.

-A REPRESENTACIÓN fai referencia ao contido e aos coñecementos: que aprender. Ofreceranse distintas opcións para o acceso ao contido, tanto a nivel perceptivo como comprensivo.

-A MOTIVACIÓN implica compromiso e cooperación, supón involucrarse: por que aprender. Proveranse diferentes formas de contribuír ao interese dos estudantes, tanto para captalo como para mantelo, promovendo a súa autonomía e a súa capacidade de autorregulación.

-A ACCIÓN é a expresión responden a como aprender. Neste caso, outorgando todo o protagonismo ao alumnado, mediante o emprego de metodoloxías activas.

En todas as materias levaranse a cabo as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento. - Potenciar a aprendizaxe significativa.

- Crear un clima de seguridade e confianza.

- Aprendizaxe baseado en proxectos, problemas, investigación.

- Utilizar unha linguaxe clara, sinxela na presentación de novos contidos.

- Gradación das actividades.

- Utilizar a cooperación e axuda entre iguais. - Integración efectiva das TIC na aula.

- Uso do erro como mecanismo de mellora.

- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.

- Potenciar a resolución pacífica de conflitos e a necesidade de acordos e consensos.

- Favorecer a aprendizaxe activa integrando ao alumnado na dinámica xeral, fomentando a participación.

- Favorecer a creatividade e capacidade de expresión o interese e a individualización e socialización.

- Atención á diversidade do alumnado. - Coordinación entre todos os profesionais que interveñen no proceso de aprendizaxe.

- Favorecer a participación e colaboración coas familias.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

METODOLOXÍA COMUNICATIVA, INCLUSIVA, ACTIVA E PARTICIPATIVA. Dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias; desenvolvemento metodolóxico que permita integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de 08/12/2022 12:05:32 Páxina 14 de 25 problemas en contextos da vida real.

APRENDIZAXE POR COMPETENCIAS. Deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan completar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

APRENDIZAXE COOPERATIVA. Integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e ter en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

LECTURA, ELEMENTO TRANSVERSAL. Programación dun tempo diario para lectura, creación e análise de textos literarios e informativos.

ACTIVIDADES As actividades están consideradas reflexionando sobre as capacidades que queremos desenvolver e en función dos obxectivos propostos e relacionados directamente coas competencias clave; o xeito de organizar as mesmas responden ós principios metodolóxicos marcados na programación. Consideraremos tódolos ámbitos de experiencia, intereses e necesidades dos nenos/as, para decidir nun principio cales son as máis axeitadas para desenvolver os obxectivos e os contidos. En canto aos criterios a ter en conta no seu deseño, han de ser significativas, que teñen interese para o alumno/a, que participen e lles motiven, que supoñan un reto para a súa competencia persoal. Por outra banda que potencie as relacións entre iguais, nun clima acolledor e cálido, establecendo actividades de Gran Grupo, Pequeno Grupo, Individuais empregando dinámicas baseadas na aprendizaxe cooperativa. Procurar no seu desenvolvemento a participación de distintos membros da comunidade educativa (familias, mestres, ANPA, organismos, recursos públicos). Temos en conta tamén os espazos, os materiais e recursos que se van a empregar. As actividades que se realizarán ao longo do curso estarán pensadas para o máximo cumprimento dos distintos obxectivos marcados para as materias. As actividades serán, preferiblemente, manipulativas no referido ás aprendizaxe relacionadas coas áreas instrumentais. As actividades de ciencias e de plásticas estarán integradas no proxecto do centro, o cal será traballado, na medida do posible, de xeito interdisciplinar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...Soporte Editorial, Editorial Santillana.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, e no momento que este instalado os Polos Creativos aumentarán as posibilidades tecnolóxicas: gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade aproveitando os Polos Creativos. **RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter

presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as caudidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).
- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).
- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

Polo tanto durante o primeiro mes de cada curso escolar realizarase unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. Farase analizando o expediente do alumnado, observación do traballo diario, fichas, caderno de traballo, probas orais ou escritas se é o caso.

Na primeira semana do mes de outubro celebraranse as sesións da avaliación inicial para comprobar o nivel nas competencias (neste caso especialmente a de Conciencia e Expresións Culturais). Os resultados reflectiranse no XADE antes de finalizar o primeiro trimestre.

Tamén se realizará unha avaliación inicial ao inicio de cada unidade didáctica para partir dos coñecementos previos do alumnado.

Informarase ás familias dos resultados en reunións de tutoriais durante o mes de outubro e novembro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	39	36	22	32
Táboa de indicadores	61	64	78	68

Criterios de cualificación:

Os pesos outorgados aos criterios de avaliación ao longo da programación teñen en conta os criterios de cualificación recollidos na Concreción Curricular do centro do seguinte xeito para este nivel será:

- Desempeño competencial: 70% da área
- Actitude e Convivencia: 30% da área. Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou condutas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interes, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude

de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.

Criterios de recuperación:

En caso de cualificación negativa da área, considérase que o alumnado recupera as aprendizaxes desta programación no momento que teña superada a área no seguinte curso. Este feito darase polo carácter da propia área, na que os criterios de avaliación do seguinte curso engloban os anteriores, de xeito que a súa superación supón adquirida as aprendizaxes anteriores.

Aínda así, será responsabilidade do profesorado que imparte a área establecer aqueles indicadores non superados no presente nivel, para poder incidir sobre eles nos vindeiros cursos.

6. Medidas de atención á diversidade

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros.

Promoverase o traballo cooperativo así coma a participación activa do alumnado en todas as actividades propostas. Tendo como base o DUA, as actividades programadas están pensadas para ser adaptadas ás diferentes necesidades do alumnado así como aos diferentes niveis de competencia curricular. Empregaranse apoios visuais e manipulativos para o traballo dos contidos máis abstractos.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias. A avaliación será flexible en canto aos tempos e aos instrumentos empregados en función das características e necesidades do alumnado.

Os horarios de segundo están pensados para poder contar coas dúas primeiras horas de titoría e, na medida do posible, intentando que as horas de titoría comprendan dúas horas continuadas no resto do horario, facilitando así a flexibilidade no tempo das actividades programadas ao longo da xornada.

Dentro deste horario contamos con horas de apoio do profesorado con disponibilidad horaria, horas de apoio da mestra de PT, horas da mestra de AL, co fin de atender á diversidade do alumnado.

Este apoio (agás os da mestra de AL, debido á natureza da súa intervención,) serán realizados dentro da aula, sendo posible valorar co Departamento de Orientación a necesidade de modificación en función das necesidades.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

MEDIDAS ORDINARIAS

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias:

Adecuación horarios, agrupamentos, espazos do centro e da aula; adecuación PD, metodoloxías que promovan a inclusión, adaptación tempos e instrumentos avaliación, medidas mellora convivencia, reforzo educativo e apoio dispoñibilidade, programas de enriquecemento; programas de reforzo áreas instrumentais, programas de recuperación, programas específicos personalizados e programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Adaptación curricular, agrupamentos flexibles, apoio PT e AL, flexibilización.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, e os distintos profesionais que inciden co alumnado e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade e DCC, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para atender ao principio de individualización e o principio de igualdade de oportunidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres e educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Observación de cambios estacionais celebración e convivencia con toda a comunidade escolar celebrando la fiesta tradicional	X		
Xornada en contra da violencia de xénero	Mostamos o respecto e duelo cara as mulleres en risco e vítimas de violencia de xénero.	X		
Entroido	Celebración coa comunidade educativa da festa lúdica e tradicional do entroido		X	
Día da Paz	Reflexión e diálogo conxunto sobre a necesidade de diálogo e resolución de conflitos co resto da escola e no mundo.		X	
Celebración do fin de curso	Celebración coa comunidade educativa do fin do curso nunha xornada lúdica			X
Artes e oficios	Eixo vertebrados do centro nas programacións nas que se inclúen contidos relacionados con este tema.	X	X	X
Cross campo a través xogade	Actividade de convivencia deportiva dentro da xornada escolar	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das UD foi adecuada ás características do alumnado.
Os criterios de avaliación de cada UD foron acordes para a súa adquisición efectiva por parte do alumnado.
Os contidos de cada UD foron acordes para a súa adquisición efectiva por parte do alumnado.

Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada promoveu a participación de todo o alumnado de forma activa.
O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das UD.
O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de representación da información) respectouse ao longo das UD.
O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de implicación) respectouse ao longo das UD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados, reais e acordes ás situacións de aprendizaxe deseñadas.
A dixitalización estivo presente na procura de información e na realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de intervención educativa.
As medidas de atención á diversidade adaptáronse de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas en cada momento.
Clima de traballo na aula
As interaccións entre o alumnado foron axeitadas, contribuíndo á consecución das aprendizaxes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación entre profesorado participante na aula foi axeitada.

Descrición:

Estes indicadores teranse en conta no seguimento mensual da Programación Didáctica, tal coma se especifica na Orde do 23 de maio de 2023. As avaliacións destes descritores, recolleranse a través das sesións de Ciclo, quedando reflectidas en acta as necesidades pertinentes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023: O Art.9.5. recolle que "O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora". En base a información obtida en dita orde, este seguimento será analizado e valorado polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión. Ademais, a través da programación de aula deseñaranse actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento.

Este deseño e desenvolvemento permitirá facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados e nelas farase unha análise do desenvolvemento efectivo, recollendo as modificacións e adaptando o proceso de aprendizaxe á realidade en cada momento nas aulas. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de outros recursos.

Neste mesmo contexto o Art.9.6 recolle que: "Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección educativa".

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos: 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non). A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados